



EIXO 5. XUVENTUDE, SAÚDE E DEPORTE

**OBXECTIVO OPERATIVO 5.1.: Promover estilos e hábitos de vida saudables entre a mocidade, desenvolvendo programas e campañas concretas.**

Medida 5.1.1.	<i>Programas de prevención de drogodependencias coa poboación xuvenil.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Programa de intervención encamiñadas a previr o inicio do consumo traballando sobre os factores de risco e reforzando os factores de protección a través dos diferentes programas preventivos.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Previr o inicio do consumo.</li> <li>• Dar ferramentas aos/ás xovenes para superar a presión de iguais.</li> <li>• Informar e sensibilizar das consecuencias do consumo sobre a saúde.</li> <li>• Traballar especificamente naqueles mozos/as en situación especial de vulnerabilidade implicando as familias como factor de protección.</li> </ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	14 600 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.		
Orzamento	2 014	1 365 640,00 €	4 096 920 €
	2 015	1 365 640,00 €	
	2 016	1 365 640,00 €	
Partida orzamentaria	10.02.413A.460.1 10.02.413A.481.1		
Indicadores	Número de mozos/as participantes nas actividades do programa.		



## XUNTA DE GALICIA

Medida 5.1.2.	<i>Clases sen fume.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa preventivo desenvolto na escola que conten as seguintes actuacións: <ul style="list-style-type: none"><li>• Aumento da conciencia e identificación das presións do entorno sociocultural para iniciarse no consumo e practicar o desenvolvemento das habilidades para resistila.</li><li>• Información das consecuencias do consumo de tabaco a curto, medio e longo prazo, sendo os propios escolares os que o van descubrindo dende un formato lúdico.</li><li>• Compromiso individual e grupal para non fumar, enmarcado nun contexto de apoio.</li></ul> A finalidade é evitar o inicio do consumo de tabaco na adolescencia ou no seu defecto atrasalo, ademais de potenciar a autoeficacia e habilidades dos/as escolares para manterse como non fumadores/as, reforzando as accións preventivas sobre o tabaquismo.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	57 000 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.		
Orzamento	2 014	11 672,00 €	41 672,00 €
	2 015	15 000,00 €	
	2 016	15 000,00 €	
Partida orzamentaria	10.02.413A.640.0		
Indicadores	Número de centros educativos participantes no programa. Número de mozos/as participantes nas actividades do programa. Número de mozos/as que deixaron de fumar. Número de grupos educativos e/ou mozos/as que asinaron o compromiso de non fumar.		



Medida 5.1.3.	<i>Centros Quérote+: Programa Vitalízate.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Programa que presta un servizo especializado de información e asesoramento á mocidade sobre temas relacionados coa prevención do consumo de sustancias. As accións que se levan a cabo son basicamente: información e asesoramento de forma presencial, telefónicamente e on-line, accións formativas nos centros educativos, concellos e entidades do tecido asociativo e accións de participación en espazos xuvenís coma facultades, xornadas e días mundiais...</p> <p>Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, e aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Atender as consultas dos mozos e mozas de forma anónima, confidencial e gratuíta a través de diferentes vías: presencial, telefónica e on-line sobre temas relacionados co consumo de sustancias.</li><li>• Facilitar a través de accións formativas que os/as mozos e mozas dispoñan do mellor repertorio de habilidades e estratexías que contribúan a adquirir autonomía e liberdade para poder tomar decisións de maneira responsable e saúdable en relación ao consumo</li></ul></li></ul>



## XUNTA DE GALICIA

	de sustancias.		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Organizar e participar en eventos de sensibilización para a mocidade e a poboación en xeral relacionadas coa prevención de consumo de sustancias.</li> </ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	5 600 mozos e mozas para as anualidades 2 014 e 2 015. 5 000 mozos e mozas para as anualidades 2 016.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Plan Proxecta). Centro Penitenciario de Teixeiro. Concellos. Universidades. Garda Civil. Asociacións e Fundacións que traballan con menores con medidas xudiciais.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de consultas atendidas. Número de accións formativas executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas. Número de accións de sensibilización executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas.		



Medida 5.1.4.	<i>Centros Quérote+: Programa Relaciónate.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Programa que presta un servizo especializado de información e asesoramento á mocidade sobre temas relacionados coa convivencia entre iguais.</p> <p>Realízanse as seguintes accións: información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, accións formativas en centros educativos, concellos e entidades do tecido asociativo, e accións de participación en espazos xuvenís como en facultades, xornadas, días mundiais...</p> <p>Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, e aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Atender as consultas dos mozos e mozas de forma anónima, confidencial e gratuíta a través das diferentes vías: presencial, telefónica e on-line sobre temas relacionados coa convivencia.</li><li>• Facilitar a través de accións formativas que os mozos e as mozas dispoñan do mellor repertorio de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade para poder tomar decisións de maneira responsable e saúdable en relación aos seus vínculos persoais.</li></ul></li></ul>



## XUNTA DE GALICIA

	• Organizar e participar en eventos de sensibilización para a mocidade e a poboación en xeral relacionadas coa convivencia.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	5 600 mozos e mozas para as anualidades 2 014 e 2 015. 5 000 mozos e mozas para as anualidades 2 016.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Plan Proxecta). Centro Penitenciario de Teixeiro. Concellos. Universidades. Garda Civil. Asociacións e Fundacións que traballan con menores con medidas xudiciais.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de consultas atendidas. Número de accións formativas executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas. Número de accións de sensibilización executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas.		



Medida 5.1.5.	<i>Centros Quérote+: Programa Gústate</i>
Descrición e obxectivos	<p>Programa que presta un servizo especializado de información e asesoramento á mocidade sobre temas relacionados coa prevención de trastornos alimenticios, o aumento da estima persoal e o recoñecemento da diversidade de corpos e estéticas, así como o respecto a esa diversidade.</p> <p>As accións que se levan a cabo son: información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, accións formativas en centros educativos, concellos e entidades do tecido asociativo, e accións de participación en espazos xuvenís como en facultades, xornadas, días mundiais...</p> <p>Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a mellora da súa estima persoal, o respecto pola diversidade de corpos e estéticas e a construción positiva da súa identidade.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, e aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Atender as consultas de mozas e mozos de forma anónima, confidencial e gratuíta a través das diferentes vías: presencial, telefónica e on-line sobre temas relacionados coa imaxe corporal.</li><li>• Facilitar a través de accións formativas que os mozos e as mozas dispoñan do mellor repertorio de habilidades e estratexias que</li></ul></li></ul>



## XUNTA DE GALICIA

	<p>contribúan a adquirir autonomía e libredade para poder tomar decisión de maneira responsable e saúdale en relación á súa imaxe e o seu corpo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Organizar e participar en eventos de sensibilización para a mocidade e a poboación en xeral relacionadas coa prevención de trastornos alimenticios e o fomento da estima persoal e colectiva.</li> </ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	5 600 mozos e mozas para as anualidades 2 014 e 2 015. 5 000 mozos e mozas para as anualidades 2 016.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar		
Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Plan Proxecta). Centro Penitenciario de Teixeiro. Concellos. Universidades. Garda Civil. Asociacións e Fundacións que traballan con menores con medidas xudiciais.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de consultas atendidas. Número de accións formativas executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas. Número de accións de sensibilización executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas.		





**OBXECTIVO OPERATIVO 5.2.: Fomentar actitudes preventivas entre os mozos e mozas, para previr enfermidades e conductas de risco.**

Medida 5.2.1.	<i>Proxecto de detección precoz de VIH a través das probas rápidas anónimas.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>A proba de detección anónima de VIH realizase nos dispositivos que a tal efecto ten organizados por toda Galicia a Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública en colaboración cos Centros Quérote+ e outras entidades colaboradoras.</p> <p>A finalidade é mellorar o diagnóstico precoz do VIH e achegar a proba de detección do VIH a persoas especialmente vulnerables e mellorar o diagnóstico precoz en poboacións especialmente vulnerables para a infección polo VIH.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, e aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Realizar a proba rápida do VIH co consello previo e posterior ao resultado da proba.</li><li>• Distribuír publicacións específicas relacionadas co VIH e a proba rápida.</li></ul></li></ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	600 mozos e mozas por ano.		



## XUNTA DE GALICIA

Entidade promotora	Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Orzamento	2 014	15 000,00 €	45 000,00 €
	2 015	15 000,00 €	
	2 016	15 000,00 €	
Partida orzamentaria	10.02.413A.640.0		
Indicadores	Número de probas realizadas. Número de publicacións distribuídas.		

Medida 5.2.2.	<i>Campaña de prevención de VIH en escolares. Plan de Acción antiVIH/sida de Galicia.</i>		
Descrición e obxectivos	Campaña divulgativa sobre a prevención do VIH e a loita contra a discriminación das persoas afectadas. A finalidade é mellorar a prevención do VIH, mellorar o coñecemento das vías de transmisión do VIH e diminuír a discriminación das persoas afectadas.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	130 000 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.		
	2 014	10 000,00 €	30 000,00 €
	2 015	10 000,00 €	
	2 016	10 000,00 €	
Partida orzamentaria	10.02.413A.640.4		
Indicadores	Número de accións de divulgación realizadas. Número de mozos/as participantes/destinatario/as das accións de divulgación.		
Medida 5.2.3.	<i>Campaña de prevención das infeccións de transmisión</i>		



	<i>sexual (ITS) en facebook “Sex invaders e os preservativos defensivos”.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Campana de información á mocidade a través dun videoxogo do tipo “space invaders” sobre a prevención das ITS. A campaña desenvolverase na rede social Facebook durante 4 semanas.</p> <p>A finalidade é mellorar a prevención das infeccións de transmisión sexual, aumentar o uso do preservativo e mellorar o diagnóstico precoz das ITS.</p>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	140 000 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.		
Orzamento	2 014	20 000,00 €	50 000,00 €
	2 015	15 000,00 €	
	2 016	15 000,00 €	
Partida orzamentaria	10.02.413A.640.4		
Indicadores	Número de mozos/as usuarios/as do videoxogo.		
Medida 5.2.4.	<i>Centros Quérote+: Programa Quérete.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Programa que presta un servizo especializado de información e asesoramento á mocidade sobre temas relacionados coa sexualidade e a afectividade. As accións que se levan a cabo son basicamente: información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, accións formativas en centros educativos, concellos e entidades do tecido asociativo, e accións de participación en espazos xuvenís como en facultades, xornadas, días mundiais...</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <p>- Xerais:</p>		



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións en aspectos relacionados coa sexualidade e a afectividade.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul> <p>- Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Atender as consultas de mozas e mozos de forma anónima, confidencial e gratuíta a través das diferentes vías: presencial, telefónica e online sobre temas relacionados coa sexualidade e a afectividade.</li><li>• Facilitar a través de accións formativas que os mozos e as mozas dispoñan do mellor repertorio de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade para poder tomar decisións de maneira responsable e saúdable en relación á súa sexualidade e as súas relacións afectivas.</li><li>• Organizar e participar en eventos de sensibilización para a mocidade e a poboación en xeral relacionadas coa sexualidade e a afectividade.</li></ul>
Temporalización	2 014      2 015      2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	6 300 mozos e mozas para a anualidade 2 014 e 2 015. 6 000 mozos e mozas para a anualidade 2 016.
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.



## XUNTA DE GALICIA

Entidades colaboradoras	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Plan Proxecta). Centro Penitenciario de Teixeiro. Concellos. Universidades. Garda Civil. Asociacións. Fundacións que traballan con menores con medidas xudiciais.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de consultas atendidas. Número de accións formativas executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas. Número de accións de sensibilización executadas e número de mozos/as participantes nas mesmas.		
Medida 5.2.5.	<i>Centros Quérote+: Conversas de saúde sexual, feito sexual humano e actitudes cara a sexualidade con mulleres xitanas.</i>		
Descrición e obxectivos	Posta en marcha de obradoiros sobre saúde sexual e a influencia das actitudes sobre a sexualidade nas vivencias das persoas e os procesos de discriminación. Nas accións de promoción da saúde sexual teranse en conta os determinantes sociais, culturais, económicos e de xénero, visibilizando os diferentes contextos de vulnerabilidade nos distintos grupos poboacionais (grupos etéreos, discapacidades, opcións e orientacións sexuais, identidades de xénero, persoas VIH positivas, migración e violencia sexual). Deseñaranse ferramentas que recollan as necesidades e as distintas realidades de mulleres e homes, para mellorar a calidade da intervención sanitaria, a		



	<p>promoción, a investigación e a formación na saúde sexual tendo en conta os determinantes sociais e de xénero, así coma os diferentes contextos de vulnerabilidade e diversidade.</p> <p>Coa posta en marcha destes obradoiros tratase de atender as recomendacións da estratexia estatal de saúde sexual e reforzar as medidas do plan de inclusión social de Galicia (<i>atención particular ás necesidades sanitarias da muller xitana, dende o respecto á súa vivencia cultural da saúde e da sexualidade, así como á súa privacidade, intimidade e dereito á libre determinación da súa orientación da saúde e a sexualidade</i>).</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Presentar o Servizo Quérote+ como un recurso para toda a mocidade.</li><li>• Achegar coñecementos sobre saúde sexual e reproductiva.</li><li>• Presentar a influencia nas actitudes á hora de abordar a sexualidade e presentar o feito sexual humano como marco de reflexión arredor da sexualidade.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Dar a coñecer os métodos anticonceptivos.</li><li>• Dar a coñecer as infeccións de transmisión xeital e elementos de prevención e servizos de atención. Especial incidencia no VIH.</li><li>• Dar a coñecer o calendario de vacinacións infantil.</li><li>• Analizar a influencia das actitudes sobre as sexualidade nunha cultura diferente e as influencias sobre as vivencias das persoas.</li></ul></li></ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		



Previsión de persoas destinatarias	100 mozos e mozas por ano.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Concellos de Galicia. Fundación Secretariado Xitano.		
Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		
Indicadores	Número de obradoiros de saúde sexual celebrados. Número de mozos/as participantes nos obradoiros.		

**OBXECTIVO OPERATIVO 5.3.: Ofrecer un servizo de información e asesoramento en temas de saúde para a mocidade.**

Medida 5.3.1.	<i>Centros Quérote+: Servizo de información e asesoramento on-line.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Servizo de información e asesoramento á mocidade a través do servizo de consulta web. O servizo realízase de forma confidencial e anónima e gratuita, e aténdese coa maior celeridade posible (antes de 48 horas, salvo excepcións de fin de semana e festivos).</p> <p>As temáticas polas que se poden facer consultas son: preocupacións, dificultades ou curiosidades en relación á convivencia tanto no espazo físico como no virtual, a imaxe corporal, a sexualidade e a afectividade e o consumo de certas sustancias.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa</li></ul></li></ul>



	<p>autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul> <p>- Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Atender a través da consultoría web as consultas de mozas e mozos de forma anónima, confidencial e gratuíta.</li><li>• Atender as consultas on-line que lle poidan xurdir a familiares e axentes xuvenís (docentes, informadores/as, animadores/as...) en relación a aspectos vinculados á mocidade na áreas abordadas dende os centros Quérote+.</li><li>• Informar sobre as probas específicas: test de embarazo e proba rápido VIH.</li></ul>
Temporalización	2 014      2 015      2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	1 800 mozos e mozas para a anualidade 2 014 e 2 015. 2 000 mozos e mozas para a anualidade 2 016.
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.3.2, 5.3.3 e 5.3.4.
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.
Indicadores	Número de consultas realizadas por mozos/as atendidas. Número de consultas realizadas por familiares e axentes xuvenís atendidas. Número de consultas sobre probas específicas atendidas.





Medida 5.3.2.	<i>Centros Quérote+: Servizo de información e asesoramento presencial.</i>
Descrición e obxectivos	<p>Servizo de información e asesoramento á mocidade nos propios centros Quérote+ e nos puntos localizados nos Espazos Xove. O servizo realízase de forma inmediata, de maneira confidencial, anónima e de balde. Podense realizar consultas a cerca de dúbidas, preocupacións, dificultades ou curiosidades en relación á convivencia tanto no espazo físico como no virtual, a imaxe corporal, a sexualidade e a afectividade e o consumo de certas sustancias.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Atender de forma presencial as consultas de mozas e mozos de forma anónima, confidencial e gratuíta.</li><li>• Atender as consultas que lle poidan xurdir a familiares e axentes xuvenís (docentes, informadores/as, animadores/as...) en relación a aspectos vinculados á mocidade na áreas abordadas dende os centros Quérote+.</li><li>• Informar sobre as probas específicas: test de embarazo e proba rápido VIH.</li><li>• Distribuir de balde preservativos.</li><li>•</li></ul></li></ul>



## XUNTA DE GALICIA

	• Realizar de forma test de embarazo e probas rápidas de VIH.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	3 200 mozos e mozas para a anualidade 2 014. 3 400 mozos e mozas para a anualidade 2 015. 3 600 mozos e mozas para a anualidade 2 016.		
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.3.1, 5.3.3 e 5.3.4.		
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.		
Entidades colaboradoras	Consellería de Sanidade.		
Indicadores	Número de consultas realizadas por mozos/as atendidas. Número de consultas realizadas por familiares e axentes xuvenís atendidas. Número de consultas sobre probas específicas atendidas. Número de preservativos repartidos. Número de probas de embarazo realizadas. Número de probas rápidas de VIH realizadas.		
Medida 5.3.3.	<i>Centros Quérote+: Servizo de información e asesoramento telefónico.</i>		
Descrición e obxectivos	Servizo de información e asesoramento á mocidade a través dos números de teléfonos propios de cada centro Quérote+. O servizo realízase de forma inmediata, de maneira confidencial e anónima. Podense realizar consultas a cerca de dúbidas, preocupacións, dificultades ou curiosidades en relación á convivencia tanto no espazo físico como no virtual, a imaxe corporal, a sexualidade e a afectividade e o consumo de certas sustancias. Os obxectivos a acadar son: - Xerais:		



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Contribuír ao desenvolvemento integral de mozos e mozas, atendendo as súas demandas, intervindo en todos os procesos posibles de xeito preventivo, e fomentando a súa autonomía, capacidade de xestión, habilidades persoais e toma de decisións.</li><li>• Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.</li></ul> <p>- Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Atender de forma telefónica as consultas de mozos e mozas de forma anónima, confidencial e gratuíta.</li><li>• Atender as consultas telefónicas que lle poidan xurdir a familiares e axentes xuvenís (docentes, informadores/as, animadores/as...) en relación a aspectos vinculados á mocidade na áreas abordadas dende os centros Quérote+.</li><li>• Informar sobre as probas específicas: test de embarazo e proba rápido VIH.</li></ul>
Temporalización	2 014      2 015      2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	1 100 mozos e mozas para a anualidade 2 014. 1 200 mozos e mozas para a anualidade 2 015. 1 300 mozos e mozas para a anualidade 2 016.
Orzamento	* Orzaemnto conxunto coas medidas 5.3.1, 5.3.2 e 5.3.4.
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.
Indicadores	Número de consultas realizadas por mozos/as atendidas. Número de consultas realizadas por familiares e axentes xuvenís atendidas. Número de consultas sobre probas específicas atendidas.



Medida 5.3.4.	<i>Centros Quérote+: Servizo de información e asesoramento a través do Whatsapp.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Servizo de información e asesoramento a través da aplicación Whatsapp, xa que moitos mozos e mozas empregan os seus teléfonos como ferramentas de comunicación, busca de información.... As temáticas sobre as que poden consultar son as referentes á convivencia tanto no espazo físico como virtual, a imaxe corporal, a sexualidade e a afectividade e o consumo de certas sustancias.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Xerais:<ul style="list-style-type: none"><li>• Ofrecer unha nova canle de acceso a Quérote+ que facilite a inmediatez da información e o asesoramento a través do Whatsapp.</li><li>• Asesorar e informar á mocidade nas temáticas abordadas dende os centros Quérote+ a través dunha nova canle de comunicación servizo Whatsapp.</li></ul></li><li>- Específicos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Favorecer unha comunicación máis activa e dinámica entre usuarios/as e profesionais dos Centros Quérote+.</li><li>• Adaptarse e apoiarse nas novas canles de comunicación empregadas de xeito xeneralizado entre a mocidade galega.</li><li>• Facilitar un coñecemento máis concreto sobre os Centros de referencia de cada un dos/as usuarios/as, para que podan ser empregados de xeito presencial.</li><li>• Fomentar o emprego de recursos públicos destinados á mocidade galega.</li></ul></li></ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		



Previsión de persoas destinatarias	1 500 mozos e mozas por ano.
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.3.1, 5.3.2 e 5.3.3.
Entidade promotora	Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.
Indicadores	Número de mensaxes recibidas por Whatsapp. Número de mensaxes enviadas por Whatsapp.

\* Orzamento conxunto medidas 5.3.1., 5.3.2., 5.3.3. e 5.3.4 .

Orzamento	2 014	20 565,66 €	61 696,98 €
	2 015	20 565,66 €	
	2 016	20 565,66 €	
Partida orzamentaria	11.06.313A.442.07		

**OBXECTIVO OPERATIVO 5.4.: Fomentar no ámbito educativo a práctica do deporte e sensibilizar aos/ás escolares na práctica de hábitos de vida saudables.**

Medida 5.4.1.	<i>Desenvolvemento do “Ámbito Educativo” do Plan de Fomento de Actividade Física “Galicia Saudable” 2011-2015, Alianza Estratégica Horizonte 2020.</i> <i>- Fomento da actividade física saudable nos centros educativos escolares.</i>
Descrición e obxectivos	Programa dentro do Plan Proxecta que pondra en marcha tres programas dentro do ámbito educativo: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto Deportivo de Centro.</li> <li>• Mais e Mellor Actividade Física.</li> <li>• +Xogade</li> </ul> Ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incrementar a carga real de consumo de actividade física saudable nos centros educativos escolares galegos.</li> <li>- Fomentar a adquisición de hábitos de vida activa, dende a infancia ata a vellez.</li> </ul>



## XUNTA DE GALICIA

	- Crear unha rede de centros educativos escolares Activos (constitución das Unidades de Promoción de Exercicio Saudable).		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	8 345 mozos e mozas. 228 centros educativos		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de centros educativos participantes no programa. Número de actividades realizadas no marco do programa. Número de alumnos/as participantes nas actividades do programa.		
Medida 5.4.2.	<i>Desenvolvemento do “Ámbito Educativo” do Plan de Fomento de Actividade Física “Galicia Saudable” 2011-2015, Alianza Estratéxica Horizonte 2020.</i> <i>- Fomento da actividade física saudable nos centros educativos escolares. Proxecto Deportivo de Centro.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa incluído dentro do Plan Proxecta que ten como finalidade converter ao centro educativo nun centro promotor de vida activa e saudable. Para elo, fomentase a práctica da actividade física e deportiva no día a día e nas doses recomendadas pola Organización Mundial da Saúde, contando coa colaboración de outras entidades no desenvolvemento de actividades e accións de carácter integral e transversal.  Os obxectivos que se pretenden acadar son:  - Fomentar o coñecemento dos recursos e		



	<p>actividades existentes no entorno do centro educativo dun xeito innovador e que redunde na difusión da mensaxe de promover a actividade física, o exercicio físico e o deporte nos escolares galegos para que acaden a cantidade mínima diaria recomendada por diferentes institucións e estudos de referencia para manter unha boa saúde.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Crear nos centros educativos as Unidades de Promoción de Exercicio Saudables, desenvolvendo as funcións básicas de informar, asesorar, valorar e percibir actividade física, exercicio físico e deporte orientado cara a mellora da saúde.</li><li>- Optimizar os recursos existentes no entorno educativo, ordenando e ampliando as ofertas de actividade física, exercicio físico e deporte.</li><li>- Coordinar as diferentes estruturas que xestionan o deporte en idade escolar (centros escolares, concellos, agrupacións deportivas, ANPA, clubs, federacións deportivas...)</li><li>- Relacionar a práctica de actividade física e o deporte co tratamento da información e competencia dixital a través das novas tecnoloxías como ferramentas para compartir coñecementos e experiencias, fomentando a creación de redes e microrredes de traballo.</li></ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	31 centros escolares.		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de centros educativos participantes no programa.		



	<p>Número de actividades realizadas no marco do programa.</p> <p>Número de alumnos/as participantes nas actividades do programa.</p>
Medida 5.4.3.	<p><i>Desenvolvemento do “Ámbito Educativo” do Plan de Fomento de Actividade Física “Galicia Saudable” 2011-2015, Alianza Estratéxica Horizonte 2020.</i></p> <p><i>- Fomento da actividade física saudable nos centros educativos escolares. Mais e Mellor Actividade Física</i></p>
Descrición e obxectivos	<p>Programa dentro do Plan Proxecta que ten como finalidade posibilitar unha acción transversal, compartida e común das materias de Coñecemento Medio e Educación Física que promova hábitos de vida activa e saudable a través do incremento de actividade física realizada dentro do horario lectivo das sinatura de Coñecemento do Medio.</p> <p>Permite ao alumnado experimentar como incorporar unha actividade física que incremente a nosa calidade de vida, mellore a nosa saúde e preveña enfermidades.</p> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Asegurar un incremento da cantidade diaria de actividade física de calidade dentro do horario lectivo dos escolares galegos.</li><li>- Facilitar a adquisición das competencias e os coñecementos relacionados con ambas materias, dun xeito mais innovador e dinámico, que posibliten unha tranferencia cara o tempo de lecer do alumnado, en busca dun ocio mais activo e saudable.</li><li>- Relacionar a práctica de actividade física e o coñecemento e interrelación co medio co tratamento da información e competencia dixita a través das novas tecnoloxías como ferramentas para compartir coñecementos e experiencias,</li></ul>





## XUNTA DE GALICIA

	fomentando a creación de redes e microrredes de traballo.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	31 centros escolares.		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		
Orzamento	Sen asignación específica.		
Indicadores	Número de centros educativos participantes no programa. Número de actividades realizadas no marco do programa. Número de alumnos/as participantes nas actividades do programa.		
Medida 5.4.4.	<i>Desenvolvemento do “Ámbito Educativo” do Plan de Fomento de Actividade Física “Galicia Saudable” 2011-2015, Alianza Estratéxica Horizonte 2020.</i> <i>- Fomento da actividade física saudable nos centros educativos escolares. XOGADE.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa dentro do Plan Proxecta que ten como finalidade facer da actividade física un hábito diario na nosa poboación escolar, orientando a súa práctica non soamente cara ao deporte competitivo, senon cara a unha actividade física, exercicio físico ou deporte orientado para a saúde, mantendo estes hábitos físico-deportivos saudables e de vida activa, adquiridos na idade escolar, ata a vellez.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	166 centros escolares.		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		



## XUNTA DE GALICIA

Orzamento	Sen asignación específica.
Indicadores	Número de centros educativos participantes no programa. Número de actividades realizadas no marco do programa. Número de alumnos/as participantes nas actividades do programa.
Medida 5.4.5.	<i>Programa XOGADE (xogos galegos deportivos en idade escolar).</i>
Descrición e obxectivos	<p>Programa de xogos galegos deportivos en idade escolar cuxa oferta inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Actividade deportiva escolar (13 modalidades deportivas).</li><li>• Actividade deportiva federada (12 modalidades deportivas).</li><li>• Actividade lúdica (15 modalidades).</li><li>• Coñece o meu club (facilitar aos escolares os recursos deportivos dispoñibles na poboación).</li><li>• Xogos populares (exposición itinerante en centro educativo con material didáctico de xogo).</li><li>• Educación, deporte e valores (exposición itinerante en centros educativos con material didáctico).</li><li>• Móvete (promover a actividade física a través dunha acción de carácter lúdico, transversal e divertida).</li><li>• Xogando co vento (programas de difusión da vela e o coñecemento do mar).</li></ul> <p>Os obxectivos a acadar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Incrementar a participación en actividades físico-deportivas en horario lectivo e non lectivo das poboacións escolares.</li><li>- Beneficiarse do gran potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas, primando a participación por enriba da</li></ul>



	<p>competitividade.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.</li><li>- Manter ou mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.</li><li>- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das diferentes calidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores como a tolerancia, o respecto aos demais e ás regras, o esforzo de superación, a cooperación, a confianza, entre outros.</li><li>- Potenciar o Xogo Limpo e a Deportividade.</li><li>- Potenciar os Xogos Motores como instrumento base da educación mediante actividades lúdicas de carácter global.</li><li>- Facilitar a comunicación e a convivencia dos nenos/as independentemente do nivel de prácticas de cada un deles.</li><li>- Fomentar a práctica de actividade física como hábito saudable necesario na sociedade actual.</li><li>- Posibilitar que os nenos e nenas se divirtan realizando actividade física.</li><li>- Achegar aos/ás escolares galegos estruturas deportivas con actividade na súa localidade.</li><li>- Fomentar os xogos tradicionais da Comunidade autónoma de Galicia, así como aqueles que aínda non sendo de orixe galego, foron e son popularmente empregados na nosa sociedade.</li><li>- Promover a educación en valores a través do potencial educativo que ofrece o deporte.</li><li>- Achegar aos/ás escolares ao mar de Galicia, a través do coñecemento dos recursos e as súas posibilidades deportivas.</li></ul>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		



## XUNTA DE GALICIA

Previsión de persoas destinatarias	70 000 mozos e mozas por ano		
Entidade promotora	Secretaría Xeral para o Deporte. Presidencia.		
Orzamento	2 014	685 000,00 €	2 055 000,00 €
	2 015	685 000,00 €	
	2 016	685 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.40.441A.226.10		
Indicadores	Número de actividades deportivas realizadas en cada unha das modalidades previstas. Número de escolares participantes nas actividades deportivas realizadas.		
Medida 5.4.6.	<i>Póliza de prestación de asistencia sanitaria para as actividades deportivas do programa XOGADE.</i>		
Descrición e obxectivos	Seguro deportivo a todos/as os/as deportistas federados/as independentemente da modalidade deportiva e de todos/as os/as escolares participantes nas actividades deportivas do programa Xogade. As inscrición dos deportistas neste seguro deberá ser realizadas polas diferentes federacións no momento de tramitación da licenza deportiva correspondente. Medida que permite apoiar o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia para a promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	110 000 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral para o Deporte. Presidencia.		
Orzamento	2 014	590 000,00 €	1 770 000,00 €
	2 015	590 000,00 €	
	2 016	590 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.40.411A.224		
Indicadores	Número de mozos/as deportistas asegurados.		



**OBXECTIVO OPERATIVO 5.5.: Promover e apoiar as actividades deportivas que se organizan dende as diferentes entidades.**

Medida 5.5.1.	<i>Subvencións a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Subvencións para financiar os gastos derivados da participación por parte das entidades e clubs en competicións de carácter oficial (no ámbito autonómico, nacional ou internacional).</p> <p>As persoas beneficiarias poden ser clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte.</p> <p>No caso das agrupacións deportivas escolares financiaranse os gastos acometidos pola participación na campaña de deporte escolar (programa Xogade).</p> <p>A finalidade é fomentar e promover o deporte galego no seu ámbito deportivo-competitivo e no deporte en idade escolar.</p>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	104 814 mozos e mozas. 977 entidades deportivas.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral para o Deporte. Presidencia.		
Orzamento	2 014	2 100 000,00 €	6 300 000,00 €
	2 015	2 100 000,00 €	
	2 016	2 100 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.40.441A.481.0		
Indicadores	<p>Número de axudas concedidas.</p> <p>Número de mozos/mozas membros das entidades que recibiron axuda.</p>		



## XUNTA DE GALICIA

Medida 5.5.2.	<i>Convenios coas federacións deportivas galegas.</i>		
Descrición e obxectivos	Realización dun programa de actividades, a través da asinación de convenios anuais con axudas para mantemento de infraestructuras federativas e para a realización dun programa de actividades.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	228 736 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Secretaría Xeral para o Deporte. Presidencia.		
Orzamento	2 014	3 800 000,00 €	11 400 000,00 €
	2 015	3 800 000,00 €	
	2 016	3 800 000,00 €	
Partida orzamentaria	04.40.441A.481.0		
Indicadores	Número de convenios asinados. Número de actividades executadas no marco dos convenios. Número de mozos/as participantes nas actividades executadas.		
Medida 5.5.3.	<i>Cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a éstos.</i>		
Descrición e obxectivos	Programa que establece as bases para o recoñecemento aos/ás deportistas que obteñan a condición de deportistas galegos/as de alto nivel, ben por tratarse de novas promesas deportivas próximas a atoparse en situación á excelencia deportiva ou ben por atoparse en dita situación. O obxectivo é recoñecer a cualificación de deportistas galegos de alto nivel, así como a regulamentación dos beneficios e axudas para éstos.		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	311 mozos e mozas.		



## XUNTA DE GALICIA

Entidade promotora	Subdirección Xeral de Plans e Programas. Secretaría Xeral para o Deporte. Presidencia.
Orzamento	Sen partida orzamentaria.
Indicadores	Número de deportistas mozos/as cualificados como deportistas de alto nivel.

Medida 5.5.4.	<i>Contratos de patrocinio para os equipos de alta competición de Galicia (Tipo I-Ligas Regulares)</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Contrato con entidades que contan con equipos que participan en competicións, en sistema de liga regular, de 1º e 2º nivel das modalidades deportivas nas que a competición de máximo nivel se desenvolve, na categoría absoluta, en sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e cun volume de desprazamentos frecuente.</p> <p>Exclúese aos Equipos participantes nas competicións recoñecidas polo Consello Superior de Deportes como Ligas Profesionais (1ª e 2ª división A de fútbol e Liga ACB de baloncesto). Dada a relevancia mediática de ambos deportes, fútbol e baloncesto, o Plan afecta ás dúas seguintes Ligas de máximo nivel estatal. No caso de baloncesto, a Liga LEB OURO e LEB PRATA, e no caso do fútbol, só a 2ª DIVISIÓN B, dado que a inmediatamente inferior, a 3ª división é de ámbito autónomico.</p> <p>O obxectivo é apoiar aos equipos de alta competición de Galicia.</p>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	79 equipos deportivos.		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.5.5 e 5.5.6		



## XUNTA DE GALICIA

Indicadores	Número de contratos de patrocinio asinados. Número de equipos asinantes dos contratos de patrocinio. Número de mozos/as pertencentes a equipos patrocinados.
Medida 5.5.5.	<i>Contratos de patrocinio para os equipos de alta competición de Galicia (Tipo II- Competición en campionatos e non en Ligas Regulares)</i>
Descrición e obxectivos	Contrato con entidades mais relevantes da súa modalidade, atendendo a criterios de participación e resultados obtidos en modalidades nas que a competición mais relevante non se desenvolve en sistema de liga regular, de xeito que non teñen que participar en diferentes encontros deportivos ao longo do ano para participar na competición deportiva oficial mais relevante do seu deporte. Ten como obxectivo apoiar aos equipos de alta competición de Galicia.
Temporalización	2 014      2 015      2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.
Previsión de persoas destinatarias	19 equipos deportivos.
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.5.4 e 5.5.6.
Indicadores	Número de contratos de patrocinio asinados. Número de equipos asinantes dos contratos de patrocinio. Número de mozos/as pertencentes a equipos patrocinados.





## XUNTA DE GALICIA

Medida 5.5.6.	<i>Convocatoria de axudas para deportistas galegos de alto nivel.</i>		
Descrición e obxectivos	<p>Liña específica de axudas para deportistas galegos/as que participaron representando ao equipo olímpico/paralímpico que participaron representando ao equipo olímpico/ paralímpico español nos xogos olímpicos/xogos paralímpicos, así como a liña de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel que, cada ano, vén concedendo a Fundación no seu obxecto de promoción do deporte de alto nivel da Comunidade Autónoma</p> <p>O obxectivo é apoiar aos/ás deportistas recoñecidos/as pola Secretaría Xeral para o Deporte, como Deportista Galego/a de Alto Nivel durante cada exercicio, que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento do seu rendemento deportivo, sendo de interese para a promoción do deporte galego.</p>		
Temporalización	2 014	2 015	2 016
Localización	A Comunidade Autónoma.		
Previsión de persoas destinatarias	179 mozos e mozas.		
Entidade promotora	Fundación Deporte Galego (Secretaría Xeral para o Deporte). Presidencia.		
Orzamento	* Orzamento conxunto coas medidas 5.5.5 e 5.5.6.		
Indicadores	Número de mozos/as recoñecidos/as como deportistas galegos/as de alto nivel beneficiarios/as das axudas.		

\* Orzamento conxunto medidas 5.5.4., 5.5.5., e 5.5.6.

Orzamento	2 014	1 858 662, 00 €	5 575 986,00 €
	2 015	1 858 662, 00 €	
	2 016	1 858 662, 00 €	
Partida orzamentaria	04.40.441A.443.00		